

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo ao longo do curso escolar 2022/2023 dende a área de ciencias da natureza en 1º de educación primaria no CEIP ADR Castelao, un centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona de interior da provincia de A Coruña. O centro ao que nos estamos a referir é un dos dous colexios de educación infantil e primaria (CEIP) que existen no núcleo de Ordes.

O alumnado matriculado no centro procede do núcleo urbano, das zonas rurais do concello, así como do municipio colindante. O galego é a lingua predominante na que foron socializados os nenos e nenas e a que usan con maior asiduidade na súa vida cotiá.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación confórmano 25 alumnos/as de 1ªA e outros 25 de 1ªB. O alumnado deste curso conta con idades comprendidas entre os 5 e 7 anos, momento este no que se producen importantes cambios a nivel cognitivo, motriz, afectivo e social, que deberán ser tidos en conta no deseño e desenvolvemento da práctica docente.

Como en calquera grupo humano, existe unha gran variedade de situación persoais, familiares, socioculturais, económicas, variedade de intereses, ritmos, estilos de aprendizaxe ou capacidades, que fan del unha realidade heteroxénea.

Ao longo do curso e seguindo 6 unidades didácticas, traballaranse de forma interdisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.	1		5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.	1		1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	1-5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubro como somos	Nesta primeira unidade achegarase ao alumnado ao corpo humano, as partes que o compoñen e como nos relacionamos coa contorna a través dos cinco sentidos. Ademais, o alumnado traballará as emocións propias e as demais e a expresar o que sinte.	20	18	X		
2	Sei coidar a miña saúde	A través desta unidade o alumnado reflexionará sobre a importancia dos hábitos saudables en alimentación, hixiene, lecer e descanso, e a súa relación coa base dunha boa saúde física e mental.	20	18	X		
3	Coñezo a natureza	Ao longo desta unidade o alumnado introducirase no estudo e o respecto da contorna natural e, nesa liña, do coidado e a valoración da importancia das plantas.	15	18		X	
4	Gústanme os animais	Nesta unidade abórdase a observación e a valoración dos animais na contorna. O alumnado achegarase ás súas características, hábitos e necesidades, tratando de desenvolver nos nenos e nas nenas o respecto pola natureza.	15	18		X	
5	Coidamos a natureza	Nesta unidade, incídese na importancia da protección dos espazos naturais e dos seres vivos.	15	17	X		
6	As cousas que nos arrodean	Partindo dos obxectos que nos rodean e dos materiais dos que están feitos, o	15	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As cousas que nos arrodean	alumnado traballará sobre os elementos e materiais, as súas características, a súa orixe e as súas aplicacións. A partir diso, introducirase a conexión entre o uso, consumo e produción responsables de materiais, e a sostibilidade do planeta. Farase tamén un repaso sobre as máquinas presentes na contorna, as pezas que as forman, os seus usos, etc.	15	16	X		

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubro como somos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Fai preguntas e predicións sobre feitos da vida cotiá.	TI	100
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece e sinalar as principais partes do corpo.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Cita accións que favorezan o benestar emocional.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega recursos dixitais con seguridade.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de traballo cooperativo e convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Sei coidar a miña saúde	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Fai preguntas e predicións sobre feitos da vida cotiá.	TI	100
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Identifica e enumerar hábitos dunha vida saudable.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Cita accións que favorezan o benestar emocional.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega recursos dixitais con seguridade.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de traballo cooperativo e convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Coñezo a natureza	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Fai preguntas e predicións sobre feitos da vida cotiá.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información sinxela relacionada co medio natural.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en experimentos guiados.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Traslada de forma oral ou gráfica o resultado de investigacións/produtos finais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identifica as características dos elementos do medio natural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identifica as conexións entre os elementos do medio natural.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Amosa respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega recursos dixitais con seguridade.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseña de forma guiada un produto final sinxelo.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de traballo cooperativo e convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Gústanme os animais	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Fai preguntas e predicións sobre feitos da vida cotiá.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información sinxela relacionada co medio natural.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Traslada de forma oral ou gráfica o resultado de investigacións/produtos finais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identifica as características dos elementos do medio natural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identifica as conexións entre os elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega recursos dixitais con seguridade.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de traballo cooperativo e convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	Coidamos a natureza	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Fai preguntas e predicións sobre feitos da vida cotiá.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información sinxela relacionada co medio natural.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en experimentos guiados.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Traslada de forma oral ou gráfica o resultado de investigacións/produtos finais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identifica as características dos elementos do medio natural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identifica as conexións entre os elementos do medio natural.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Amosa respecto cara a natureza.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosa actitudes de coidado ao planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega recursos dixitais con seguridade.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolve co pensamento computacional problemas sinxelos con axuda.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de traballo cooperativo e convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.
- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	As cousas que nos arrodean	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Fai preguntas e predicións sobre feitos da vida cotiá.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información sinxela relacionada co medio natural.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en experimentos guiados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Traslada de forma oral ou gráfica o resultado de investigacións/produtos finais.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Coñece as características e propiedades básicas dos elementos do medio natural.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Estuda o efecto das formas de forma sinxela.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosa actitudes de coidado ao planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega recursos dixitais con seguridade.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseña de forma guiada un produto final sinxelo.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolve co pensamento computacional problemas sinxelos con axuda.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de traballo cooperativo e convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Tipos de materiais segundo a súa orixe. - Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá. - Cambios observables na materia a través da súa experimentación.

Contidos

- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
 - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase do desenvolvemento cognitivo, evolutivo e emocional do alumnado, dos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, da concreción do seu pensamento, dos seus coñecementos previos, e dos seus intereses; buscando favorecer a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Así mesmo, potenciarase un enfoque globalizador, activo, inclusivo, dinámico, interdisciplinario e por competencias; que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe.

Para seguir este enfoque metodolóxico:

- Favorecerase o traballo cooperativo para a resolución conxunta de tarefas, proxectos ou investigacións; fomentando hábitos de traballo en equipo, colaboración e a resolución pacífica de conflitos.
- Utilizaranse contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado relacione o interese e a utilidade do que aprende co día a día.
- Realizaranse proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, empregando as tecnoloxías e cun enfoque transversal.
- Buscaranse propostas significativas e estratexias que activen ao alumnado, que promovan a motivación, a necesidade de coñecer, de buscar información, de investigar, de resolver problemas, de aprender.
- Fomentarase a curiosidade, a creatividade, a iniciativa, a autonomía, o interese, o respecto por si mesmo/a e polos demais, o espírito de iniciativa, a tenacidade, a confianza en si mesmo/a, o pensamento crítico, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico.
- Utilizaranse variedade de fontes de información, técnicas, materiais e recursos ; aproveitando os propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos .

A metodoloxía será activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo. Os métodos didácticos que se empreguen serán variados, buscando en todo momento a adecuación ao alumnado e ao contexto, así como a aprendizaxe significativa. Para iso, traballaremos con diferentes técnicas de traballo cooperativo como lapis ao centro, folla xiratoria, ou parada de tres minutos; coa Resposta Física Total para recordar conceptos; con xogos de rol e dramatizacións; e prestaráselle especial atención á gamificación para promover unha aprendizaxe lúdica na aula, empregando tanto recursos tecnolóxicos coma xogos tradicionais e manipulativos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos e dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material manipulativo (xogos, plastilina, recursos naturais, recursos reais como folletos informativos, etc.), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS E DIXITAIS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, libros virtuais, enciclopedias online, vídeos educativos, cancións, xogos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot, plickers ou Quizziz para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, a aula de informática, o patio de recreo, o ximnasio ou o comedor, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno. Reunións co Departamento de Orientación.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Barullo de ideas sobre as características básicas dos animais, plantas e do ser humano.
- Xogo "Simón di" para coñecer o noso corpo.
- Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir a súa contorna, como por exemplo, diferentes tipos de ecosistemas, materiais da aula, partes do colexio, do fogar ou de obxectos e máquinas cotiás.
- Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación marcados nesta programación as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo, escalas de observación, diario de aula, entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo na clase.

Poderanse avaliar tamén tarefas e fichas, o traballo no caderno, e probas obxectivas.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Velocidade e comprensión lectora (10%)
- Expresión oral e escrita (20%)
- Participación activa en proxectos e obradoiros realizados (10%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude colaboradora e coidado do material (10%)
- Traballo de aula (30%)
- Probas de avaliación (20%)

No caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas engadirase ao 30% de traballo de aula, pasando a ser o total deste un 50%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.35 + nota 2ª avaliación x 0.35 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre terá a opción de recuperar cando os contidos traballados e criterios de avaliación asociados estean presentes noutra unidade didáctica. Se estes contidos e respectivos criterios non se repiten, buscarase ao longo do curso agunha actividade que o traballe para permitir ao alumnado recuperarlo.

6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación didáctica, atendendo aos principios de normalización e inclusión, e para atender a toda a diversidade e aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe presentes nas aulas de 1º de Educación Primaria, usaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade establecidas no Artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. De entre estas medidas ordinarias, podemos destacar:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e a aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Actividades tipo de reforzo e ampliación en todas as unidades didácticas.

De entre as medidas extraordinarias recollidas no Artigo 9 do mesmo documento:

- Unha alumna do curso formará parte do grupo da adquisición das linguas creado no centro e ó mesmo tempo recibirá atención fora da aula por parte do profesorado de PT.

Por outra banda, temos ó seguinte alumnado que recibe atención por parte do profesorado de PT e AL ademais de atención por parte do profesorado titor e profesorado de apoio:

- Dúas alumnas reciben atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Cinco alumnos, dous nenos e tres nenas, que reciben atención por parte do profesorado de AL fora da aula.

Dentro da diversidade que conforman os 50 alumnos e alumnas de 1º, é importante destacar o seguinte alumnado NEAE:

- Un alumno TEA, polo que traballaremos seguindo o establecido no Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Un alumno TDAH, co cal se traballará apoiados no Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.

Para favorecer a aprendizaxe destes alumnos e alumnas de forma adecuada e contribuíndo ao seu pleno desenvolvemento, así como á adquisición dos contidos, obxectivos e competencias, ao longo do curso escolar traballarase de forma coordinada co Departamento de Orientación, seguindo o establecido no Plan de Acción Tutorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Por último, destacar que, ao atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, deberase ter en conta esta situación á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X			X	X
ET.3 - A orientación educativa, a acción titorial e a educación emocional e en valores	X	X				
ET.4 - Educación ambiental.					X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións, etc.
Saídas á contorna	Para coñecer ecosistemas e paisaxes próximos.
Visitas	Obradoiros e charlas formativas.
Conmemoracións	Semana da Prensa, Día Mundial da Saúde, Día Mundial do Medio Ambiente, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Pártese dunha avaliación inicial adecuada.
Coherencia entre os diferentes elementos do currículo.
Secuenciación e temporalización axustada.
Uso de diferentes estratexias metodolóxicas.
Materiais e recursos variados e adecuados.

Mantemento do interese e motivación do alumnado.
Atención á diversidade da aula.
Presencia de diferentes tipos de actividades (reforzo, ampliación, etc.) e medidas de apoio.
Uso de diversos procedementos e instrumentos de avaliación.
Presencia de actividades complementarias e extraescolares.

Descrición:

O proceso de ensino e da práctica docente avaliarase a partir dos indicadores de logro especificados anteriormente a través de diferentes instrumentos de avaliación como: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros. Esta avaliación levarase a cabo mínimo ao final de cada trimestre, co obxectivo de solventar os problemas atopados e adaptar a práctica docente da mellor forma posible ás necesidades do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica, e, dunha forma máis específica, ao final de cada trimestre. Empregarase tamén o diario de clase para o seguimento da actividade lectiva.

Os resultados, conclusións e modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

A revisión, avaliación e seguimento da programación atenderá á:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O proceso de ensinanza/aprendizaxe: o modo de transmisión da información, as tarefas plantexadas, a atención ao alumnado NEAE, os resultados acadados polo alumnado, etc.
- Coordinación e análise entre o equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, para modificar, correxir ou mellorar aqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados